

Castelao pintor

Refinamento e simplicidade



ROMÁN RAÑA

Temos nas nosas mans o volume *Castelao pintor*, en edición primorosa de Galaxia, dentro da súa “Biblioteca Castelao.” Cumpria un libro destas características (luxosamente ilustrado, cunha calidade excepcional tanto no papel como nas reproducións dos cadros) para enriquecer o noso espírito e para completar a figura dese inmenso artista que foi Castelao. Alén disto temos unha axeitada introdución biográfica realizada por Miguel Anxo Seixas Seoane e, sobretudo, un epílogo de José Manuel B. López Vázquez, onde analiza o proceso creativo do rianxeiro desde os parámetros estéticos dos que parte até a relación destes coa súa adscrición intelectual e ideolóxica. Entre estas dúas prosas (a descritiva e a analítica) temos o glorioso legado do Castelao pintor, para disfrutar de todos nós.

Comeza a mostra cun retrato de 1909 e acoden ante os nosos ollos unha galería de imaxes e presenzas que nos conmoven. Cegos

de varias estirpe, figuras ascéticas, grotescas, árboreas. Axiña notamos os camiños diversos que o noso autor vai emprender e as múltiples influencias que vai recibir. O modernismo de Rusiñol, a estampa xaponesa (que atopa en *Vento mareiro* (1929) unha magnífica plasmación, ou, so-



bretudo, en *O neno das piñas* (1926), que nos perturba polo xogo de luces e sombras e pola figura humana abrazada á árbore), o primitivismo dos pintores bascos do norte, a paleta impresionista da pintura francesa finisecular, etc.

Obviamente, Castelao percorre o seu propio camiño, aínda que declare o influxo teórico de Jean d’Udine quen, en 1909, publica *A arte e o xesto* e que Castelao citará frecuentemente na súa famosa conferencia “Arte e galeguismo”, algúns anos despois. Nela expón a idea de que a natureza é unha forma de coñecemento, da importancia da emoción nos procesos artísticos e da sinestesia como factor de modernidade. A relevancia da natureza na obra de Castelao lévao a proclamar: “podo dicirvos que o pouco que valgo, débollo a estar deitado n’os piñales, deixando qu’a Natureza entrase dentro de min”. Na natureza non hai obxectos imperfectos, senón a fráxil luz do noso coñecemento. Por iso Castelao manifesta a súa humilde integración nun cosmos que o rodea nunha actitude que é, ao mesmo tempo, refinamento e simplicidade, isto é, profunda comunión coa natureza.

SEIXAS, Miguel Anxo (ed.) e LÓPEZ VÁZQUEZ, J. M. (epil.), *Castelao pintor*, Ed. Galaxia, Vigo, 2006, 147 páxinas